

Comesaña Davila e D. José M^a Blanco Alvarez. Suplentes: D. Antonio Juste Iglesias, D. Enrique Fontán Alvarez, D. Eladio Puentes Rodríguez e D. Antonio Comesaña Solla.

Oficial desinfector: Titulares: D. Ramón Vázquez Martínez, D. José M. Estévez Albela, don José Antonio Comesaña Davila e D. Raul Rodríguez-González Garra. Suplentes: D. Ramón Cid Fernández, D. Enrique Fontán Alvarez, D. Carlos Igrexas Martínez e D. J. Luis Vidal Alvarez

Oficial xardiñeiro: Titulares: D. Gonzalo Argibay Barciela, D. Enrique Fontán Alvarez, D. José Antonio Comesaña Davila e D. Justo Estévez González. Suplentes: D. Angel Lago costas, D. José M. Estévez Albela, D. Alfredo Gil Barros e D. Gerardo Sánchez Vicente.

Axudante de oficios: Titulares: D. Antonio Juste Iglesias, D. Enrique Fontán Alvarez, D. José Antonio Comesaña Davila e D. Rodrigo Rodríguez Rocha. Suplentes: D. Angel Lago costas, D. José M. Estévez Albela, D. José Antonio Castro Duarte e D. Julio Casal Piñeiro

Terceiro.—Os exercicios iniciaránse nas seguintes datas:

Técnico/a de administración xeral: 26 de outubro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial telefonista: 27 de outubro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial pavimentador: 2 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial almaceneiro: 4 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial sepultureiro: 8 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial electricista: 10 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial conductor: 15 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial desinfector: 17 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Oficial xardiñeiro: 22 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

Axudante de oficios: 24 de novembro de 1999, ás 9,00 horas, na Sala Museo da Casa do Concello.

A data de celebración do primeiro exercicio anunciarase tamén con tres días de antelación como mínimo na prensa local, se se trata de convocatorias de quenda libre e no Taboleiro de Edictos do Concello e de anuncios dos respectivos servicios se o son por promoción interna.

As probas efectuaranse en chamamento único ó que deberán comparece-los aspirantes co seu D.N.I. e bolígrafo se a proba fose escrita ou cos medios precisos para practicala nos demais casos.

Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e dos lugares donde se celebren as probas.

En canto á abstención e recusación dos membros do tribunal rexerán os arts. 28 e 29 da Lei de procedemento administrativo.

O que se fai público a efectos do previsto nas bases da convocatoria, R.D. 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de ingreso na función pública local, e demais disposicións legais de aplicación.

Vigo, a 14 de setembro de 1999.—O Alcalde,
P.D., Xabier Toba Girón. 8563

ANUNCIO DPO 96 11

APROBACION DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO NUCLEO RURAL DE QUINTIAN - BEADE (VIGO) (EXPTE: 2795/411)

O Pleno do Excmo Concello de Vigo en sesión celebrada o pasado día 28 de xullo de 1999 acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do núcleo rural Quintian na parroquia de Beade, redactado polo arquitecto D. José A. Comesaña García e obrante no expediente 2795/411.

O que se publica para o xeral coñecemento e de conformidade co artigo 48.2 da Lei 1/1997 de 24 de marzo do solo de Galicia, significando que a Normativa e Ordenanzas de aplicación son as seguintes:

C. NORMAS URBANISTICAS E DE EDIFICACION

C.1 NORMAS XERAIS C.1.1 NATUREZA

O presente PEMN ten o carácter e natureza dun Plan Especial de Ordenación, polo que o seu contido e alcance é o que lle confire a esta figura de Planeamento a Lexislación vixente.

C.1.2 AMBITO DE APLICACION

A presente Normativa será de aplicación no ámbito do PEMN, tal e como previrase nos documentos do mesmo.

C.1.3 ALCANCE NORMATIVO DOS DOCUMENTOS

Tódolos documentos do PEMN teñen alcance normativo, agás nos que expresamente se sinala o seu carácter indicativo, informativo ou non vinculante.

C.1.4 CONTIDO NORMATIVO DOS PLANOS

A normativa gráfica recollese nos seguintes planos de Proposta:

P.01.—Ordenación Xeral: Esc. 1:1000.

P.02.—Sistema de Espacios Libres e Zonas Verdes: Esc. 1:1000.

P.03.—Aliñacións: Esc. 1:1000.

P.04.—Rede Viaria e Replanteo: Esc. 1:1000.

P.05.—Perfiles Lonxitudinais: Esc.1:1000/1:500.

A Documentación de carácter indicativo son os seguintes planos de Proposta:

P.06.a.—Esquema Rede de Abastecimento de Auga. Esc. 1:1000.

P.06.b.—Esquema Rede de Sumidoiros. Esc. 1:1000.

P.07.a.—Esquema Rede Subministración de Enerxía Eléctrica: Esc. 1:1000.

P.07.b.—Esquema Rede Telefonía: Esc. 1:1000.

P.07.c.—Esquema Rede de Alumeado Público: Esc. 1:1000.

P.08.—Plan de Etapas: Esc. 1:1000.

C.1.5 DESENVOLVEMENTO DAS DETERMINACIONES DO PEMN

Na totalidade das parcelas edificables as determinacións contidas no PEMN consideranse que teñen o nivel de desenvolvemento dun Estudio de Detalle.

En consecuencia, resultan suficientes para que as parcelas edificables teñan a consideración de solares, sendo necesaria unicamente a solicitude de aliñación oficial e trala redacción do correspondente Proxecto Básico (e de Execución) a solicitude e concesión de la Licencia Municipal de obras.

C.1.6 XESTION

O PEMN do NUCLEO DE QUINTIAN - BEADE (02 18 C) ten que considerarse os efectos de xestión como unha única Unidade de Xestión, asignándose como Sistema de Actuación, o de COOPERACION.

Os propietarios incluídos dentro da delimitación do Nucleo aportarán o solo de cesión obrigatoria, e a Administración executará as obras de urbanización.

Os custes de urbanización serán a cargo dos propietarios afectados. A Administración titular de

aproveitamentos, participará, no seu caso, en ditos custes na mesma proporción.

A aplicación do sistema de cooperación eisixe a reparcelación dos terreos comprendidos dentro do Núcleo, agás que ésta sexa innecesaria, de conformidade co previsto no Regulamento de Xestión da Lei do Solo.

En concreto, no PEMN QUINTIAN - BEADE considerase innecesaria a reparcelación, por facilidade na xestión, propoñéndose que os custes de urbanización se distribuían entre os propietarios en proporción o aproveitamento das súas respectivas fincas.

En cumprimento do disposto pola Lei do Solo e os seus Regulamentos, será de cesión gratuita e libres de cargas o Concello de Vigo, os viais, zonas verdes e espazos públicos, tal e como delimitase no plano P.01 "ORDENACION XERAL" e P.02 "SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES" e na cuantía que se recolle no apartado B.4 da Memoria.

C.1.7. PARCELACIONES E SEGREGACIONES

Realizaranse seguindo as determinacións incluídas no Apartado C.1.5 "Desenvolvemento das Determinacións do PEMM, para os supostos previstos e posibles, sendo de aplicación a Normativa o respecto contida no PXOU, así como na lexislación vixente.

En ningún caso admitiranse segregacións que produzan parcelas por debaixo das mínimas marcadas nas correspondentes ordenanzas particulares.

C.2. CONDICIONS DE ORDENACION E USOS**ORDENANZAS PARTICULARES**

Serán as seguintes:

1. EDIFICACION FAMILIAR EN NUCLEO ORIXINAL
2. EDIFICACION FAMILIAR EN EXTENSION NUCLEO
3. ESPACIOS LIBRES DE USO E DOMINIO PUBLICO

De seguido, indicanse as condicións específicas para cada unha das Ordenanzas de aplicación dentro do PEMN QUINTIAN - BEADE

ORDENANZA 1 - PEMN QUINTIAN: EDIFICACION FAMILIAR EN NUCLEO ORIXINAL
A. DEFINICION

Corresponde esta Ordenación a edificación situada en zonas con forte grao de consolidación, de orixe agrícola.

Trátase de núcleos constituídos por agrupacións consolidadas de vivendas de carácter rural con relacións comunitarias, identificación toponímica e

demáis particularidades expresadas no artigo 12.3 da LAGSA, correspondentes a asentamentos de poboación que, contando cos requisitos básicos sinalados no artigo 10 da L.S., clasifícanse no presente ordenamento como urbanos.

O obxectivo da Ordenanza é establecer-lo regulamento preciso para cingui-los usos ás características propias destes núcleos, artellandolos nunha estrutura urbanística axeitada as peculiaridades locais.

O uso dominante será o de vivienda familiar. Habilitarase unha praza de garaxe por cada vivenda ou 100 m² de construción.

B. CONDICIONS DE VOLUMEN

* CONDICIONS DE ORDENACION:

As sinaladas no Plano de Ordenación Xeral, en canto a dimensións e no Plano de Rede Viaria e Replanteo en canto a aliñacións e rasantes.

Manteráse con carácter xeral as aliñacións actuais

* TIPOLOXIA DE EDIFICACION:

Illada, apareada ou adosada.

* PARCELA MINIMA :

Non se fixa.

* RECUADROS:

Dende a aliñación exterior : 3,00 m.

Os lindeiros, cando non se estea nos casos sinalados nas "determinacións particulares" desta mesma ordenanza: 3,00 m.

* CONDICIONS DE EDIFICACION:

* EDIFICABILIDADE: 0.60 m²/m²

* OCUPACION MAXIMA: 60%

* ALTURAS: 6.50 m. (Baixo e Piso)

* CUBERTAS:

As alturas das edificacións mediránse en fachada a vía pública, dende a rasante da calzada ou beirarrúa en contacto coa edificación e a cara inferior do derradeiro forxado; nas resatantes fachadas, dende a rasante natural do terreo en contacto coa edificación. Non se impide que as construcións se escalonen, sempre que se cumpra en tódolos puntos da súa fachada a condición da altura, cunha tolerancia máxima de 0.75 m.

Por enriba da altura máxima somentes autorizarase o volumen resultante da disposición de cubertas inclinadas. A liña de coronación destas non poderá ser superior a 8.50 m. medida en calquer punto do terreo en contacto coa edificación.

Estos espacios baixo cuberta estarán inscritos nunha liña de pendente máxima 30º trazados dende a cara superior do derradeiro forxado na liña de fachada.

Cando do volumen interior baixo cuberta xenerado por estas condicións resulten locais de altura igual ou superior a 2.50 m., a proxección deses sobre a planta do forxado superior computará aproveitamento calquera que sexa o seu uso.

* VOOS:

Se permiten corpos voados sempre e cando sexan elementos engadidos o bloque principal da edificación, isto é, galerías, balcóns ou miradores que non poderán pecharse con elementos de fábrica en máis do 25% da súa superficie.

DISTANCIA ENTRE ALIÑACIONES

Menor de 6.00 m.: Non se permiten voos.

Entre 6.00 e 8.00 m.: 0.40 m.

Máis de 8.00 m.: 0.80 m.

Sempre coas mesmas condicións sinaladas anteriormente.

* AGREGACION DE PARCELAS:

Permitirase ata un máximo de 12.00 m. de fachada total

* OBRAS PERMITIDAS

Tódalas descritas na presente normativa, co gallo de levantar inha edificación, consolidada, conserva-la, melloral-a ou adecual-a dalgun xeito os obxetivos de ordenamento, así como as de demolición que sexan precisas.

* DETERMINACIONES PARTICULARES:

As edificacións colindantes poderán adosarse cando se presentes en proxecto unitario, ou cando exista acordo documental rexistrado entre ambas dúas propiedades, sendo de obriga, nos dous casos, a construción simultánea ou inmediatamente sucesiva dos inmobles, todolo que deberá constar na memoria xustificativa dos proxectos, ós efectos de consideralo na concesión da preceptiva licencia.

Producirase obrigatoriedade de adosar en todos os casos que exista edificación colindante que presente medianeira no linde, estando conforme o ordenamento, e con independencia da altura que aquela teña, Se esta particularidade ocorrira no colindante de cadanseu lado, a edificación levantarase entre medianeiras en tanto-lo permita a edificabilidade, sen detrimento do racional deseño. Se isto non fora xustificativamente axeitado adosarase polo menos a un dos colindantes.

En ningún caso produciránse construcións sucesivas entre medianeiras que dean lugar a edificación sen interrupción en máis de 48,00 m.

*** EDIFICACIONES AUXILIARES:**

Os parámetros sinalados aplicaranse sobre a edificación principal correspondente o uso da parcela. Adicionalmente o uso de vivenda toleranse sen computar aproveitamento, ata un máximo de 15 m² e 3.00 m. de altura máxima:

- Hórreos e adegas
- Alpendres abertos alomenos o menos nun 50% da súa superficie.
- Garaxes
- Cobertizos, almacéns, silos...

Estas edificacións auxiliares non se permitirán en liña de fachada e situaranse adosadas a edificación principal e os lindeiros laterais, sen perxuício de terceiros.

*** CONDICIONS ESTETICAS:**

Como mínimo deberán eisixirse as seguintes:

Con respecto as fachadas os ocos das novas edificacións manterán a forma e ritmo das actuais, empregando compositivamente aqueles elementos que poidan resultar característicos (balconadas, sillería, pilastras, etc.), colocando as carpinterías de ocos no pano que sexa tradicional.

Os materiais, e a súa forma de colocación irán acordes igualmente coas características do Núcleo, do mesmo xeito ocurrirá cos cores, beirís, cornixas, impostas, etc.

Coidarase especialmente que as cubertas teñan a mesma pendente e materiais que as tradicionais, e tódalas chemineas e salidas de fumes deberán ter a altura, tratamento e proporcións adecuadas para non desentoar coas tradicionais.

Igual coidado terase nos remates das plantas baixas, especialmente cando de adiquen a locais comerciais, non empregándose outros materiais que os que resulten acordes coa tradición e prohibíndose aqueles outros que colocados en carpintería ou rótulos, poidan rachar coa harmonía propia do carácter do Núcleo.

*** OTRAS CONDICIONS :**

Se estará ó disposto nas FICHAS do ESTADO ACTUAL DAS EDIFICACIONES DO NUCLEO ORIXINAL incluídas no ANEXO A.II da presente Memoria para a proposta sobre as edificacións.

Calquera demolición de edificacións incluídas nestes ámbitos deberá contar con autorización municipal á que polo menos deberá acompañar: Fotografías das fachadas da edificación, Memoria na que se indique a antigüedad da edifica-

ción e o seu posible valor histórico e Planos de tódalas plantas.

Se a intervención solicitada alcanzase algún espazo non construído (horta, xardín, etc.) deberá igualmente facerse referencia as características xeométricas e demais datos de interese destes lugares.

O Concello, a vista dos datos aportados e os que poida requirir, determinará a conservación do construído, a súa demolición con reconstrución, o a súa demolición pura e simple.

Serán de obrigada conservación as escaleiras (patines), pórticos, ou elementos varios que dan o seu carácter as construcións existentes.

Terase en conta especialmente o contido do apartado C.6 NORMAS PARA A CONSERVACION DO CARACTER RURAL do presente Documento.

C. CONDICIONS DE USOS

1. VIVENDA

Vivienda familiar en categoría única.

2. GARAXE-APARCAMENTO

— Anexo a outros usos : Categoría 1 e 2.

3. ARTESANIA

— Anexo a outros usos: Categoría 1 e 2.
— En edificio exclusivo: Categoría 1 e 2.

4. INDUSTRIA

— Auga, Gas, Electricidade, etc.: Autorizable nos tamaños mínimos necesarios para servizo dos restantes usos permitidos.

5. ALOXAMIENTO COLECTIVO

— Hoteis: Categoría 1 e 2.
— Residencias Institucionais; Categoría 1 e 2.

6. COMERCIAL

— En edificio con vivendas: Categoría 1.

7. OFICINAS

— En edificio con vivenda: Categoría 1.

9. LUGARES DE REUNION

— Locais pechados: Categoría 1.
— Aire libre: Categoría única.

10. RELIXIOSO

— Grupo único: Categoría única.

11. CULTURAL

— Grupo único: Categoría única.

13. SANITARIO

- En edificio exclusivo: Categoría 1.
- En edificio con outros usos: Categoría 1.

14. SERVICIOS XERAIS

ORDENANZA 2 - PEMN QUINTIAN: EDIFICACION FAMILIAR EN EXTENSION NUCLEO
A. DEFINICION

Corresponde esta Ordenación a edificación situada en zonas de solo urbán do Núcleo que desenvólvese de forma desigual apoiándose sobre a rede viaria tradicional, que acadaron un certo grao de consolidación, repostando a tipoloxías edificatorias unifamiliares exentas.

O obxectivo da Ordenanza é establece-lo regulamento preciso para cingui-los usos ás características propias destas zonas de extensión do Núcleo artellandolos nunha estrutura urbanística axeitada as peculiaridades destas zonas.

O uso dominante será o de vivienda familiar. Habilitarase unha praza de garaxe por cada vivenda ou 100 m² de construción

B. CONDICIONS DE VOLUMEN*** CONDICIONS DE ORDENACION:**

As sinaladas no Plano de Ordenación Xeral, en canto a dimensións e no Plano de Rede Viaria e Replanteo en canto a aliñacións e rasantes.

*** TIPOLOXIA DE EDIFICACION:**

Illada.

Permítese a Ordenación de Vivendas apareadas ou adosadas en grupo sempre baixo proxecto e construción conxunta. A fileira resultante haberá de separarse dos colindantes alomenos 5 m. de tal xeito que non queden medianeiras o descuberto.

*** PARCELA MINIMA :**

400 m².

*** RECUADRO:**

Dende a aliñación exterior: 3,00 m.

Os lindeiros: 5,00 m.

*** FRENTE MINIMO PARCELA:**

10 m. para edificacións adosadas.

15 m. para edificacións illadas.

*** CONDICIONS DE EDIFICACION:**

* EDIFICABILIDADE: 0.50 m²/m²

* OCUPACION MAXIMA: 50%

* ALTURAS: 6.50 m. (Baixo e Piso)

*** CUBERTAS:**

As alturas das edificacións mediránse en fachada a vía pública, dende a rasante da calzada ou beirarrúa en contacto coa edificación e a cara inferior do derradeiro forxado; nas resatantes fachadas, dende a rasante natural do terreo en contacto coa edificación. Non se impide que as construcións se escalonen, sempre que se cumpra en tódolos puntos da súa fachada a condición da altura, cunha tolerancia máxima de 0.75 m.

Por enriba da altura máxima somentes autorizarase o volumen resultante da disposición de cubertas inclinadas. A liña de coronación destas non poderá ser superior a 8.50 m. medida en calquer punto do terreo en contacto coa edificación.

Estos espacios baixo cuberta estarán inscritos nunha liña de pendente máxima 30º trazados dende a cara superior do derradeiro forxado na liña de fachada.

Cando do volumen interior baixo cuberta xenerado por estas condicións resulten locais de altura igual ou superior a 2.50 m., a proxección deses sobre a planta do forxado superior computará aproveitamento calquera que sexa o seu uso.

*** VOOS:**

Se permiten corpos voados sempre e cando sexan elementos engadidos o bloque principal da edificación, isto é, galerías, balcóns ou miradores que non poderán pecharse con elementos de fábrica en máis do 25% da súa superficie.

DISTANCIA ENTRE ALIÑACIONES

Menor de 6.00 m.: Non se permiten voos.

Entre 6.00 e 8.00 m.: 0.60 m.

Entre 8.00 e 12.00 m.: 0.80 m.

Máis de 12.00 m.: 1.00 m.

Sempre coas mesmas condicións sinaladas anteriormente.

*** OBRAS PERMITIDAS**

Tódalas descritas na presente normativa, co gallo de levantar inha edificación, consolidada, conservala, melloralala ou adecualala dalgun xeito os obxetivos de ordenamento, así como as de demolición que sexan precisas.

*** DETERMINACIONES PARTICULARES:**

As edificacións colindantes poderán adosarse cando se presentes en proxecto unitario, ou cando exista acordo documental rexistrado entre ámbalas dúas propiedades, sendo de obriga, nos dous casos, a construción simultánea ou inmediatamente sucesiva dos inmobles, todo lo que deberá constar na

memoria xustificativa dos proxectos, ós efectos de consideralo na concesión da preceptiva licencia.

En ningún caso produciráanse construcións sucesivas entre medianeiras que dean lugar a edificación sen interrupción en máis de 48,00 m.

*** EDIFICACIONES AUXILIARES:**

Os parámetros sinalados aplicaranse sobre a edificación principal correspondente o uso da parcela. Adicionalmente o uso de vivenda toleranse sen computar aproveitamento ata un máximo de 15 m² e 3.00 m. de altura máxima:

- Hórreos e adegas
- Garaxes
- Alpendres abertos alomenos nun 50% da su a superficie.

Estas edificacións auxiliares non se permitirán en liña de fachada e situaranse adosadas a edificación principal e os lindeiros laterais, sen perxuicio de terceiros.

*** CONDICIONS ESTETICAS:**

Ademáis das condicións estéticas xeráis, é condición primordial a utilización dos materiais tradicionais de maior significación e raigaño na arquitectura local, así como as formas máis axeitadas ós deseños máis relevantes do lugar, coas adecuacións necesarias ás técnicas constructivas actuais.

As edificacións serán de traza sinxela e digna, con cubertas tradicionais, carpintería exterior en madeira pintada nas cores usuais da bisbarra - ou vernizada- ou materiais de aspecto semellante, cantería, alomenos nalgúns elementos, e, moi especialmente, a incorporación de galerías típicas, fiestras-balcón, porches e demais compoñentes de recoñecido prestixio nas construcións autóctonas destacadas. En todo caso, se terá presente, de xeito nidio, a incorporación ó contexto e a harmonización coa paisaxe, dando cumprimento ó artigo 138 da L.S.

O emprego de modernas técnicas e as solucións da arquitectura actual non deben contraponerse ós conceptos de raigaño nin ó emprego de materiais tradicionais, polo que a conxunción duns e outros factores nun mesmo deseño partirá de que sexan asumidos recíproca e coherentemente, evitando a mera superposición ou a concorrencia anecdótica.

As edificacións adxetivas presentaránse con deseño axeitado e digno, con materiais de calidade semellante á edificación principal, sen que isto implique o falseo da función e carácter propios.

As edificacións adxetivas poderán situarse illadas, adosadas á edificación principal ou en contacto co cerre de lindeiro, sempre que non se sitúen a menor distancia da aliñación exterior que a fachada do edificio principal que dea cara ó vial.

En tanto a configuración da parcela e a posición da edificación principal o permitan, as construcións adxetivas afastaránse da aliñación exterior máis que as fachadas, cara ó vial, dámbolos dous estremeiros.

*** OUTRAS CONDICIONS :**

Terase en conta especialmente o contido do apartado C.6 NORMAS PARA A CONSERVACION DO CARACTER RURAL do presente Documento.

C. CONDICIONS DE USOS

1. VIVENDA

Vivienda familiar en categoría única.

2. GARAXE-APARCAMENTO

— Anexo a outros usos: Categoría 1 e 2.

3. ARTESANIA

— Anexo a outros usos: Categoría 1 e 2.

— En edificio exclusivo: Categoría 1 e 2.

4. INDUSTRIA

— Auga, Gas, Electricidade, etc.: Autorizable nos tamaños mínimos necesarios para servizo dos restantes usos permitidos.

5. ALOXAMIENTO COLECTIVO

— Hoteis: Categoría 1 e 2.

— Residencias Institucionais: Categoría 1 e 2.

6. COMERCIAL

— En edificio exclusivo: Categoría 1 e 2.

— En edificio con vivendas: Categoría 1

7. OFICINAS

— En edificio exclusivo: Categoría 1 e 2.

— En edificio con vivenda: Categoría 1.

8. ESPECTACULOS

— Locais pechados: Categoría 1.

— Aire libre: Categoría única.

9. LUGARES DE REUNION

— Locais pechados: Categoría 1.

— Aire libre: Categoría única.

10. RELIXIOSO

— Grupo único: Categoría única.

11. CULTURAL

— Grupo único Categoría única.

12. DEPORTIVO

- Locais pechados: Categoría 1.
- Aire libre: Categoría única.

13. SANITARIO

- En edificio exclusivo: Categoría 1.
- En edificio con outros usos: Categoría 1.

14. SERVICIOS XERAIS**D. UNIDADES DE EXECUCION**

Poderán promoverse actuacións conxuntas sobre conxuntos de parcelas superiores a 2.000 m² que constituirán unha unidade de execución para a súa ordenación a traveso de Estudos de Detalle, con tipoloxía de vivenda unifamiliar illada ou adosada que conteña a definición dos volúmenes de edificación.

O Estudio de Detalle ordenará, así mesmo, o resto da parcela, establecendo as zonas vinculadas a uso comunitario das vivendas resultantes.

Toda a parcela quedará vinculada ás edificacións propostas a todos os efectos, debendo facerse explícito no Estudio de Detalle, as asignacións comúns e privadas que se establezcan.

No caso de non estares grafiadas nos planos de ordenación, as cesións serán, como mínimo, de 30 m²/vivenda ou por cada 100 m² construídos.

ORDENANZA 3 - PEMN QUINTIAN: ESPACIOS LIBRES DE USO E DOMINIO PUBLICO
A. DEFINICION

Corresponde esta Ordenación a espazos xeralmente arboreados e axardinados que se destinan ó lecer e repouso da poboación e a súa salubridade, así como ó illamento e protección de espazos de alta calidade natural.

O uso dominante será o de zona libre de uso e dominio público.

B. CONDICIONS DE VOLUMEN*** CONDICIONS DE ORDENACION:**

As sinaladas no Plano de Ordenación Xeral, en canto a dimensións e no Plano de Rede Viaria e Replanteo en canto a alineacións e rasantes.

*** EDIFICABILIDADE:**

Será Nula.

*** OBSERVACIONES:**

A efectos de edificacións somentes permitirase a realización de pequenas edificacións para servizos e infraestrutura do Núcleo e a súa edificabilidade será a necesaria para o cumprimento do cometido proposto. Asemade pequenos quiosques

provisionais, mediante concesión municipal, propios de zonas verdes, que non desvirtúen o carácter da área.

C.3 CONDICIONS DE EDIFICACION

Agás o xa regulamentado polas diferentes ordenanzas particulares das distintas zonas nas que se divide o ámbito do PEMN e en tódolo que non se opoña a éstas, remítese as Normas contidas no Documento de Adaptación do PXOU de VIGO á LAGSA (1993), así como as Normas sobre Habitabilidade da Xunta de Galicia (Decreto 331/92).

C.4 CONDICIONS DE TRAMITACION

Será de aplicación na súa totalidade o contido nas Normas de Tramitación vixentes no Concello de Vigo.

C.5 NORMAS DE URBANIZACION

Tendo en conta o expresado na Memoria de Ordenación e Planos en canto a criterios de deseño de Viario Público e dos Espacios Libres de Uso e Dominio Público, e utilizando a nivel indicativo os trazados de redes que aparecen nos esquemas a escala 1:1000 (planos P.06 e P.07) será o Proxecto de Urbanización, de acordo cos criterios do apartado B.6 e B.8 da Memoria de Ordenación do PEMM, así como calquera outra normativa de aplicación xeral ou específica as obras á realizar no ámbito do Municipio de Vigo, que emane dos Servizos Técnicos do Concello de Vigo.

C.6 NORMAS PARA A CONSERVACION DO CARACTER RURAL

Aínda que a conservación dun atributo coma o "caracter rural" non é posible unicamente por medio da aplicación de medidas de tipo constructivo, non cabe dúbida que éstas contribuirán cando menos a que non se deteriore.

Un mínimo respecto polo entorno obriga a establecer unhas medidas para a súa protección, de aplicación xeral a todo tipo de construcións, sexa cal sexa o seu uso, que aínda sen asegurar o cumprimento do obxectivo último desta Norma, alomenos eviten o proceso actual de perda de calidade ambiental coma consecuencia da aparición de construcións que se afastan completamente dos cánones tradicionais sobre forma e acabado dos edificios.

Deste xeito,

QUEDA PROHIBIDO:

— Deixa-las construcións cos bloques de formigón mais comúns, ó descuberto. Estos bloques deberán ser sempre monocapa, sempre empregando tonos preferentemente ocres ou grises que son os que entonan cos existentes.

— Deixa-los tellados ou medianeirías coas placas de fibrocemento á vista. Tódalas cubertas deberán rematarse cún material adecuado (tella cerámica, de formigón etc). As medianeirías deberán recibir, no que a acabado refírese, tratamento de fachada.

A utilización de ladrillo visto en fachadas.

- O uso de plaquetas cerámicas queda rematadamente prohibido.
- Pintar as fachadas de cores tan fortes ou rechamantes que rachen a harmonía por afastarse en exceso da escala cromática do lugar.
- O aluminio no seu cor natural. Cando se empregue este material, ben en carpintería de fiestras ou en balaustres de balcons, os únicos cores autorizados son blanco, negro, verde e marrón escuro.
- Os portalóns de entrada as fincas ou garaxes, serán sempre realizados con madeira ou ferro forxado (cando non sexan superficies continuas). Queda prohibido o emprego de chapas de aceiro lisas ou pregueadas para estos menesteres.
- O peche das fincas con bloques de formigón, e con postes de aceiro e aramada.
- Tódolos tendidos aéreos de calquera clase.
- Os depósitos de auga que non vaian forrados do mesmo material de fachada.
- Asfaltar os camiños ou rúas interiores ó Núcleo.
- Situar construcións ou elementos auxiliares nos puntos tales que impidan as vistas principais do núcleo hacia o exterior, ou viceversa.

RECOMENDASE:

- A realización de fachadas con granito (pedra vella de derribo a ser posible).
- A carpintería de madeira, pintada en marrón, blanco ou verde.
- Os peches das fincas a base de mampostería, pedra en cachotes, o cando menos, revestimento de pedra sobre o muro de ladrillo ou bloque de formigón.
- Que as rúas e camiños interiores realícense a base de losas graníticas.

E OBRIGATORIO:

- Recubri-las chamineas do mesmo material do que sexa a fachada.
- Empotrar nas paredes as caixas de tipo rexistrable e carácter obrigatorio (FENOSA, etc), e recubrilas de tapa de madeira ou chapa de pedra a fin de facer que pasen inadvertidas.

— A prantación de arbores frutais, arbustos e frores de xardín e/ou árbores ornamentais nas fincas do Núcleo. Dito doutro modo, e obrigatorio cuidar as fincas mantendo nelas unha actividade ben agrícola, ben lúdica.

Contra o devandito acordo que poñe fin á vía administrativa poderá interpoñerse un dos seguintes RECURSOS:

A.—RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICION ante o Pleno do Concello de Vigo no prazo DUN MES a contar a partir da data de publicación deste anuncio.

B.—RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó de publicación deste anuncio.

Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.

C.—Calquera outro recurso que estime procedente interpoñer.

De conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992 de 26 de Novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a medio do presente anuncio, e publicación no taboleiro de edictos do Concello, notifícase o acordo que nel se contén a tódolos propietarios afectados descoñecidos, de ignorado enderezo, respecto dos cales non se puido practica-la notificación intentada.

Vigo, a 20 de setembro de 1999.—O Alcalde, Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, Lois Pérez Castrillo. 8564

* * *

PORRIÑO

Anuncio de exposición al público para reclamaciones del acuerdo plenario de aprobación provisional del Presupuesto General.

Aprobado provisionalmente por el Pleno de esta Entidad Local, en sesión celebrada el día 21 de septiembre de 1999, el Presupuesto General de la misma para el ejercicio de 1999, así como la Plantilla que comprende todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual, ambos documentos estarán de manifiesto al público, en cumplimiento de los artículos 150.1 de la Ley 39/1988 de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales y 20.1 del Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, en el Servicio de Intervención de esta Entidad, por un plazo de quince días hábiles contados a partir del siguiente de la inser-